

FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES.

CONSELLERÍA DO MAR

ALEGACIÓNS 2º BORRADORES AXUDAS A PERSOAS MARISCADORAS A PÉ E A FLOTE.

CONFRARÍA DE NOIA

Santiago Cruz Martínez con D.N.I nº 33.244.493-V en calidade Patrón Maior da Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia EXPÓN:

O pasado venres 16 de Febreiro recíbese circular da Federación Galega de Confrarías de Pescadores nº 33/2024, recibido ese mesmo día da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, cos borradores de axudas a persoas mariscadoras de a pé e a flote.

Da lectura do borrador das ordes de axudas polas que se aprobarán as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, pola paralización temporal en diferentes bancos marisqueiros intermareais de Galicia cofinanciadas ao 70 por 100 polo fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de Xullo de 2021, que modifica o Regulamento (UE) 2017/1004 e regula no artigo 21 a posibilidade de que o FEMPA apoie unha compensación pola paralización das actividades Pesqueira en determinados casos...

En concreto no artigo 21.5 apartados b) e c) recolle a necesidade de acreditar actividades pesqueiras durante alo menos 120 días nos dous últimos anos civís anteriores ao ano de presentación da solicitude de apoio.

A non inclusión de excepcións a esta norma, conleva que na práctica a unha persoa mariscadora a pé ou a flote se lle esixa acreditar vendas en lonxa nun período no que os bancos marisqueiros están pechados por resolución da administración pública con competencias para a adopción de medidas de adaptación dos plans de xestión de moluscos bivalvos. Entendemos como xusto e lóxico acreditar actividade, no período inmediatamente anterior á declaración de peche ou cese da actividade, e non no período anterior á solicitude de apoio, polo que solicitamos xestionar ante a UE a modificación do recollido no artigo 21.5 d) e c) para que precisamente non queden excluídas precisamente as persoas máis afectadas pola imposibilidade de desenrolar a súa actividade Pesqueira por causa de forza maior.

No borrador de a flote, no seu artigo 11. Duración no punto 1) “As axudas outorgaranse por un período máximo subvencionable de **tres (3) meses**, debendo terse materializado a parada entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de abril de 2024...”

O artigo 6 do Regulamento 2021/1139 di “O apoio ao que se fai referencia no apartado 1 poderá concederse por unha **duración máxima de doce meses** por buque durante o período de programación”.

O período de programación dos fondos FEMPA é no 2021-2027, estando superado o primeiro tercio do ano 2024, no momento de publicación da orde, estaremos na metade do período, polo que alo menos procedería que a duración da axudas fose de **seis (6) meses**, materializados entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de abril de 2024.

Non entendemos que ante unha situación de emerxencia social, na que a actividade Pesqueira en todo o ano 2023 foi de 11 días a flote e 10 a pé, e para o ano 2024 esta non se reiniciará antes do mes de Outubro, se reserven nove (9) meses de posible axuda para paralizacións futuras.

SOLICITA:

a modificación do artigo 11. Do borrador para marisqueo a flote a fin de establecer unha duración máxima da axuda de 6 meses de duración.

No referente ao borrador de a pé, o artigo 1.2 establece outro período de tres (3) meses como máximo subvencionable, solicitándose que pase a seis (6) meses ao igual que no borrador de axudas para a flote...

E para que así conste aos efectos oportunos asíñase

En Noia a 22 de Febreiro de 2024.

ASdo. Santiago Cruz Martínez

Patrón Maior Confraría de Noia.